

CURSO 2008-2009
SEGUNDA XEIRA DE **MÚSICAS DO MUNDO**
IES SÁNCHEZ CANTÓN
PONTEVEDRA
4º ESO A

1.- **Pedro** Estévez (14-1-2009)

Grupo: **Muse**

Álbum: **Black Holes and Revelati**

Canción: **Starlight**

Media das notas outorgadas á canción: **7,79**



-Raquel: en canto á canción, sóame pero non sei ben por que. A canción non está mal e recomendaríaa porque este grupo non é nada malo.

-Sara Tobío: é unha canción coñecida e eu penso que bastante adaptable ás persoas, con isto refírome a que aínda que a xente teña diferentes estilos de música, a grande parte pódelle gustar. Non é demasiado forte nin pausada, ademais de alegre.

-Laura: a canción encántame: moi bo ritmo grazas a uns traballados instrumentos. A voz do cantante é alucinante, sobre todo como xoga coa súa capacidade de variar o ton e as pontes da voz.

2.- **Ruth M.** Rodríguez (21-1-2009)

Grupo: **Lucas Masciano con El canto del Loco**

Álbum: **Todo bien**

Canción: **Me gustas cuando**

Media das notas outorgadas á canción: **6,89**



-Jacobo: Gustoume un montón, creo que é un temazo. Un ritmo xenial e pegadizo que te invita a moverte. Aínda onte saíu esta canción nos 40 principais e estaba no top 10 polo que é unha canción boa que lle gusta á xente..

-Sara Trabazo: nesta canción: a súa letra, melodía, o sentimento dos cantantes, o seu ritmo pegadizo. Tamén ten mérito que este tema tivera tanto éxito, posto que é en castelán e hoxe en día a maioría da xente escoita música en inglés.

-Sara Astor: esta canción encántame, paréceme boísima. Coñecina hai unhas semanas, escoitáara na radio e baixei de internet. O ritmo é moi pegadizo. Non adoito escoitar música española e esta é unha excepción.

3.- **Andrea Costal** (28-1-2009)

Grupo: **Foo Fighters**

Álbum: **Echoes, Silence, Patience & Grace**

Canción: **The Pretender**

Media das notas outorgadas á canción: **7,51**



-Lucía: como era unha canción que estaba en inglés ao traducila pareceume bastante boa.

-Pedro: Que podo dicir dun dos meus grupos favoritos? Só teño afagos para eles e a súa mellor canción, solo perfecto, ritmo, voz, música... perfecto!

-Elena: a canción é moi boa e do grupo non teño nada que dicir, que é un dos mellores grupos de rock. En xeral é un bo tema.

4.- **María Otero** (4-2-2009)

Grupo: **Russian Red**

Álbum: **I Love your glasses**

Canción: **Cigarettes**

Media das notas outorgadas á canción: **7,93**



-Alejandra: Esta canción é preciosa. Teño que admitir que non son afeccionada a este grupo, pero é que esta canción é especial, non sei por que ten algo que me chama e que me gusta. Esta artista ten moito mérito xa que é ela a que compón as cancións e ademais canta en inglés porque di que lle é moito máis fácil.

-Irea: encantoume o instrumental de corda e en ocasións acompañado pola frauta, calmado e completamente harmónico, que cadra á perfección coa voz da cantante. Unha voz peculiar e doce, relaxante e sosegadora pero realmente intensa.

-Blanca: unha canción que xa escoitara antes e que me gustaba moito, descubriño no Hormiguero-cuatro. Lourdes ten unha voz especial, moi tranquila e relaxada que me gusta moito.

5.- **Gonzalo Méndez** (11-2-2009)

Grupo: **Rise Against**

Álbum: **The Unreveling**

Canción: **Everchanging**

Media das notas outorgadas á canción: **6,79**



-María Pérez: a canción non a coñecía nin ao grupo pero gústame moito, ten un ritmo rápido que mola moito.

-Alejandra: o grupo é totalmente descoñecido para min, mais pareceume moi interesante. A canción encantoume, é o meu estilo de música. Encántame porque a música é forte e buff, non sei como explicalo, impresionante. Parece que é un berro. Teño ganas de ter a tradución.

-Pablo: como xa esperaba unha canción boísima. Encántame a batería e sobre todo a guitarra eléctrica, que está moi currada. O que máis me sorprendeu da canción foi o estribillo increíble, un dos mellores que teño escoitado.

6.- **Elena Rey** (18-2-2009)

Grupo: **Avenged Sevenfold**

Álbum: **City of Evil**

Canción: **Seize the day**

Media das notas outorgadas á canción: **7,95**



-María Otero: a canción estivo moi ben, aínda que non é o meu estilo gustoume moito. A voz do cantante pareceume realmente preciosas. O só de guitarra estivo tremendamente xenial. Cando cheguei á casa conecteime a internet e descargueime a canción.

-Mar: sorprendeme moito o que dixo na presentación de as súas cancións tratan sobre a Biblia pero que non son un grupo relixioso. Con nome do álbum imaxinaba algo máis heavy-metal.

-Bárbara: non escoitara este grupo nin é o meu tipo de música aínda que non estivo mal. Algunhas partes gustáronme máis ca outras.

7.- Bárbara Santana (26-2-2009)

Grupo: **Los Secretos**

Canción: **Déjame**

Media das notas outorgadas á canción: **6,60**



-Cristina: en canto á canción, encántame e ás veces cando estou cun mal día, póñoa e automaticamente se me alegra o día. Ten unha melodía moi pegadiza e unha letra que me gusta bastante.

-Ruth: Un temazo do estilo pop. Gustoume moito, sempre esta canción é fantástica.

-Sara Martínez: a canción pareceume moi popular e moi nostálxica, sempre que a escoito recórdame aos meus país, xa que lles encanta este tipo de música.

8.- Alexandra Rodríguez (4-3-2009)

Grupo: **Savia**

Álbum: **Fragile**

Canción: **Porvenir**

Media das notas outorgadas á canción: **6,31**



-Ester: Pareceume unha canción orixinal e fermosa, encantoume.

-Gonzalo: Ten unha boa letra e tamén uns bos cambios de ritmo. Cando a canción comeza espérase un tema lento e algo aburrido, pero sorprende neste aspecto cun ton animado e entretido.

-Andrea: a canción gustoume moito, foi unha das que máis porque empezaba moi lento e de súpeto salta a batería e a guitarra, ademais a letra está moi ben.

GAÑADOR DA SEGUNDA XEIRA DE MÚSICAS DO MUNDO 2008-2009:

Elena Rey (18-2-2009)

Grupo: **Avenged Sevenfold**

Álbum: **City of evil**

Canción: **Seize the day**

Media das notas outorgadas á canción: **7,95**

Premio honorífico ao último clasificado:

Alexandra Rodríguez (4-3-2009)

Grupo: **Savia**

Álbum: **Fragile**

Canción: **Porvenir**

Media das notas outorgadas á canción: **6,31**

